



Proxecto de Orde pola que se derroga a Orde da Consellería de Economía e Industria do 27 de agosto de 2009 pola que se desenvolve o número 5º do artigo 2 do Decreto 284/1994, que regula a concesión de avais polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

Mediante Orde da Consellería de Economía e Industria do 27 de agosto de 2009 (DOG núm. 173 do 3 de setembro de 2009), desenvólvese o artigo 2.5 do Decreto 284/1994 de regulación de avais do Igape, engadido polo Decreto 132/1995 do 10 de maio e modificada a súa redacción polo Decreto 302/1999, do 17 de novembro, que habilita ao Igape para conceder reavais ante as sociedades de garantía recíproca polas operacións acollidas aos programas de fomento empresarial que ao efecto se aproben.

Esta Orde do 27 de agosto de 2009 detalla determinados requisitos e aspectos procedimentais para a concesión dos reavais ante as sociedades de garantía recíproca polo Igape, téndose regulado mediante Orde da Consellería, en aplicación do disposto na Disposición Adicional do devandito Decreto 302/1999, do 17 de novembro, que remitía ao desenvolvemento a través de Orde, por canto a normativa vixente nas datas de publicación do decreto de avais encomendaba aos conselleiros a competencia para o outorgamento de axudas públicas (Artigo 78 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia).

Na actualidade, a competencia para a concesión de axudas públicas e para o establecemento das correspondentes bases reguladoras está atribuída ao Igape, segundo resulta dos artigos 7, 14 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que a regulación dos requisitos e procedementos de concesión dos reavais debe ser establecida a través de bases reguladoras do Igape, procedendo derrogar e deixar sen efecto, a Orde da Consellería de Economía e Industria do 27 de agosto de 2009, a través de Orde posterior da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confiren os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.- Derogación da Orde do 27 de agosto de 2009 polo que se desenvolve o número 5 do artigo 2 do Decreto 284/1994, que regula a concesión de avais polo Instituto Galego de Promoción Económica.

1. Queda derogada a Orde do 27 de agosto de 2009 polo que se desenvolve o número 5 do artigo 2 do Decreto 284/1994, que regula a concesión de avais polo Instituto Galego de Promoción Económica.

2. Sen prexuízo do anterior, a regulación dos requisitos e procedementos de concesión dos reavais do IGAPE previsto no artigo 2.5 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica realizarase, de ser o caso, a través das correspondentes bases reguladoras que aprobe a devandita entidade.

Disposición derradeira única

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, __ de _____ de 2019
Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria